

polo desgaste normal do instrumento como polo mal uso do mesmo. Así mesm, deberao entregar cando abandonen a escola e aínda que non houbera transcorrido o ano de aluguer, sen dereito a devolución de parte ningunha do importe.

4.- O pago das tarifas non exime do aboamento das indemnizacións que puidera esixir este Concello caso dun uso indebido das instalacións e medios da escola.

Art. 8º. Infraccións e sancións

No relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como as sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria. Disposición adicional primeira

As tarifas desta ordenanza poderán ser actualizadas anualmente segundo o I.P.C.

Disposición final.

A presente ordenanza unha vez aprobada definitivamente polo Pleno Municipal, entrará en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e ata a súa modificación ou derogación expresa."

O ALCALDE-PRESIDENTE (P.P. 2º Tenente de Alcalde, Nonito Rodríguez Morán.

R. 03398

Anuncio

De conformidade co artigo 17.3º do R.D. 2/2004, por non se presentar reclamación algunha durante o período de exposición ao público, elévase a definitivo o acordo provisional adoptado en sesión plenaria celebrada o día 24 de maio de 2005, relativo á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACION DO SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL NO CONCELLO DE MEIRA. Procédese a publicación do texto completo de dita ordeanza, que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACION DO SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL

Artigo 1º.- Fundamento.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, o artigo 106 da Lei 7/1985, e de conformidade cos artigos 17 a 20 e 58 do R.D. 2/2004, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a presente taxa, que se rexerá por esta ordenanza.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo da piscina municipal.

Artigo 3º. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas que soliciten, persoalmente ou a través de representación, o uso das instalacións da piscina municipal.

Art. 4º.- Responsables.

Serán responsables os que correspondan segundo a Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

As cotas desta taxa son as seguintes:

5.1.- Pases diarios.

- a) adultos: 2 euros.
- b) nenos ata 12 anos: 1,5 euros.
- c) nenos ata 3 anos: 0 euros.

A presente ordenanza unha vez aprobada definitivamente polo Pleno Municipal, entrará en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e ata a súa modificación ou derogación expresa.

5.2.- Bonos tempada:

- a) Adultos: 20 euros.
- b) Xubilados: 15 euros.
- c) Nenos ata 12 anos: 15 euros.
- d) Bono tempada familias numerosas (un ou dous ascendentes e tres ou máis fillos): 50 euros.

5.3.- Aluguer tumbonas e parasoles: 1 euros.

Artigo 6º.- Devengo da taxa.

1. O devengo prodúcese cando se solicite: o bono, a entrada no recinto da piscina, ou o aluguer dos elementos indicados.

2. A obriga de pago da taxa e cobro da mesma darase no momento do devengo.

3. O pago da taxa realizarase por ingreso directo no momento de entrada na piscina ao operario ou encargado, así como os alugueres xa dentro do recinto. No caso dos bonos, por ingreso nas entidades bancarias en que o Concello ten aberto conta, unha vez solicitada nas oficinas municipais.

Artigo 7º.- Normas de xestión:

1. Os pases diarios serán polo tempo en que se permanece no recinto, ao igual que o aluguer de tumbonas e parasoles.

2. Os bonos permiten a entrada no recinto na tempada en que se adquiren, tralo que caducan. Para a súa obtención deberase presentar:

- Solicitud, indicando enderezo e telefono actual.
- Fotocopia do D.N.I. para adultos.
- Fotocopia do libro de familia para nenos/as e para bonos familiares.
- 2 fotografías tamaño carné ou fotocopias ben identificadas por persoa.
- Fotocopia do carné de xubilado, no seu caso.
- Pago da taxa.

3. Non se poderá acceder ao recinto da piscina municipal en tanto non se efectúe ou acredite o pago, baixo a responsabilidade do operario ou encargado.

4.- O pago das tarifas non exime do aboamento das indemnizacións que poidera esixir este Concello caso dun uso indebido das instalacións.